

Acceso ao sistema universitario de Galicia
PAU e Preinscrición
Instrucións para os estudantes

Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG)



A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) xestiona as distintas probas de acceso á universidade (PAU) e o proceso de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do sistema universitario de Galicia (SUG).

Enderezo web: <http://ciug.cesga.es/>

No sitio web da CiUG deberanse consultar: datas, lugares, calendarios, documentación a presentar, ... dos distintos procesos da PAU e do acceso a titulacións con límite de prazas do sistema universitario de Galicia

Lugares de entrega e recollida de documentación (LERD)

Os estudantes realizarán os trámites administrativos da PAU e do acceso a ensinanzas universitarias do SUG nun dos LERD, pero recoméndase que os realicen, sempre que sexa posible, a través da aplicación informática nerta.

Hai un LERD en cada un dos campus das universidades do SUG:

Universidade da Coruña

LERD 3 - Campus de Elviña - A Coruña

Pavillón de Estudantes

Campus de Elviña

15192 - A Coruña

Teléfono: 981 167 196

Fax: 981 167 198

Correo electrónico: lerdcoruna@udc.es

LERD 4 - Campus de Ferrol

Campus de Esteiro

Edificio de Usos Administrativos, planta baixa

15403 - Ferrol

Teléfono: 981 337 451

Fax: 981 337 456

Correo electrónico: lerdfer@udc.es

Universidade de Santiago de Compostela

LERD 1 - Campus de Santiago

Servizo de Xestión Académica
Pavillón Estudiantil, 2º piso - Campus Universitario Sur
15782 - Santiago de Compostela
Teléfono: 981 547 111 / 902 101 022
Fax: 881 814 855
Correo electrónico: alu181@si.usc.es / sxa@usc.es

LERD 2 - Campus de Lugo

Edificio Biblioteca Intercentros, planta baixa
Campus Universitario
27002 - Lugo
Teléfono: 982 285 900
Fax: 982 285 907
Correo electrónico: alu351@si.usc.es

Universidade de Vigo

LERD 5 - Campus de Vigo

SIOPE
Edificio Miralles
Campus Universitario - Lagoas Marcosende
36310 - Vigo
Teléfonos: 986 813 630
Fax: 986 813 755
Correo electrónico: siope@uvigo.es

LERD 6 - Campus de Ourense

Unidade Administrativa - Área de Servizos á Comunidade
Campus As Lagoas
32004 - Ourense
Teléfono: 988 387 102
Fax: 988 387 165
Correo electrónico: siope-ou@uvigo.es

LERD 7 - Campus de Pontevedra

Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Forestal – Área de Servizos á Comunidade
Campus A Xunqueira, s/n
36005 - Pontevedra
Teléfono: 986 801 949
Fax: 986 802 060
Correo electrónico: siope-po@uvigo.es



nerta é a aplicación informática para a xestión do acceso ao sistema Universitario de Galicia, en concreto, a proba de acceso á universidade (PAU) e o acceso ás ensinanzas universitarias con límite de prazas do sistema universitario de Galicia (SUG).

Coa finalidade de que os estudantes poidan acceder á información a través da web, desenvolveuse un módulo da aplicación para que poidan consultar os datos e cubrir instancias destes procesos.

Enderezo web

<https://www.edu.xunta.es/nerta/alumnado> , tamén hai un enlace no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na sección 'Servizos en curso'.

Tipos de acceso a nerta

- ▶ **Por documento de identidade e contrasinal:** como norma xeral os estudantes accederán a nerta indicando o seu documento de identidade e un contrasinal. Na aplicación poderán realizar as seguintes operacións:
 - ▶ Consulta de datos
 - Persoais e académicos dos estudos de acceso.
 - Matrícula e cualificacións da PAU.
 - Admisión en titulacións universitarias con límite de prazas.
 - ▶ Formularios
 - Matrícula na PAU
 - Reclamación e segunda corrección de cualificacións da PAU.
 - Admisión en ensinanzas universitarias con límite de prazas.
- ▶ **Por documento de identidade:** os estudantes poderán entrar en nerta indicando unicamente o seu documento de identidade cando se publiquen: as cualificacións da PAU ou os estudantes convocados a matrícula en ensinanzas universitarias con límite de prazas. Unicamente poderán ver os seus datos publicados.
- ▶ **Pechado:** Os estudantes non poderán acceder a nerta nos momentos previos á publicación das cualificacións de PAU ou dos estudantes convocados a matrícula en ensinanzas universitarias con límite de prazas, tampouco cando aplicación estea en mantemento.

Contrasinal de nerta

- ▶ O contrasinal de acceso a nerta é o código de acceso: do impreso de prematrícula, do impreso de matrícula na PAU ou do impreso de preinscrición que lle entregaron no centro ou no LERD.
- ▶ Pode solicitarse o envío do contrasinal ao teléfono móbil e/ou ao correo electrónico na opción [Reenvío do contrasinal](#) da pantalla principal da aplicación nerta.
- ▶ Os estudantes que non teñan informatizado ningún dato en nerta, deberán cubrir previamente os seus datos persoais na opción [Alta de novo usuario](#) da pantalla principal da aplicación nerta e entregar/enviar unha fotocopia do DNI e a documentación cos seus datos académicos a un LERD para que llos informaticen.

Proba de acceso á universidade de bacharelato (PAU)

- ▶ **Matrícula:** Poderán presentarse á PAU aqueles estudantes que estean en posesión do título de bacharel ou título equivalente para estes efectos.

Estudantes de bacharelato da convocatoria actual

Estudantes que obteñen o título de bacharel na mesma convocatoria que se presentan á PAU.

- ▶ **Realización da PAU:** realizarán a PAU na universidade á cal estea adscrito, para os efectos indicados, o centro de educación secundaria no que obtivesen o título de bacharel.
- ▶ **Xestións:** realizarán a matrícula da PAU no seu centro de educación secundaria, as demais xestións realizaranas na aplicación nerta ou no LERD asignado ao seu centro.
- ▶ **Datos académicos:**
 - ▶ Os centros de educación secundaria informatizarán na aplicación nerta os datos persoais e académicos dos estudantes que obteñan o título de bacharel.
 - ▶ O centro entregará un impreso de prematrícula para que comproben que os seus datos son correctos.
 - ▶ Os estudantes comunicarán na secretaría do centro se hai algún erro nos datos. É importante que estea informatizado o teléfono móbil e/ou o correo electrónico para poder recibir información da PAU e do acceso a través deles.
- ▶ **Taxas de matrícula:**
 - ▶ Solicitarán no seu centro o impreso de pago de taxas de matrícula.
 - ▶ Aboarán as taxas na entidade bancaria elixida.
 - ▶ Entregarán o xustificante de ter aboadas as taxas e a documentación que acredite o dereito á redución de matrícula (se procede).
- ▶ **Solicitud de matrícula:**
 - ▶ Formalizarán a solicitud de matrícula para a PAU nas datas que determine a CiUG.
 - ▶ Entregarán a solicitud na secretaría do centro no que superen o segundo curso do bacharelato, indicando na solicitud os seus datos persoais e as materias elixidas para a realización da fase xeral e/ou da fase específica.
 - ▶ Poderán solicitar a exención do exercicio de lingua galega.
 - ▶ O centro informatizará estes datos e entregará o impreso de matrícula.
 - ▶ Os estudantes poderán modificar en nerta os datos da matrícula mentres esta estea aberta.
- ▶ **Cualificación da PAU:** consultarán as cualificacións da PAU.
- ▶ **Reclamación e segunda corrección:** solicitarán en nerta reclamacións ou segundas correccións aos exercicios da PAU e verán os seus resultados.

Estudiantes de bacharelato de convocatorias anteriores

Estudiantes que obtiveron o título de bacharel ou equivalente en convocatorias anteriores.

- ▶ **Realización da PAU:** os estudantes realizarán a PAU na universidade á cal estea adscrito, para os efectos indicados, o centro de educación secundaria no que obtivesen o título de bacharel ou equivalente, tamén poderán realizala na universidade á cal estea adscrito o centro de educación secundaria máis próximo ao seu lugar de residencia (previa solicitude na inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).
- ▶ **Xestións:** os estudantes realizarán as xestións da PAU na aplicación nerta ou no LERD que lle corresponda ao centro de secundaria elixido.
- ▶ **Datos académicos:**
 - Os centros de educación secundaria informatizaron os datos persoais e académicos destes estudantes cando obtiveron o título de bacharel ou equivalente.
 - Se os datos académicos non están informatizados:
 - Os estudantes solicitarán unha certificación académica oficial de bacharelato no seu centro de secundaria.
 - Os estudantes engadirán os seus datos persoais en nerta.
 - Dirixiranse ao LERD que lles corresponda, e será este o que lles informaticice os datos académicos.
 - O LERD entregarálles un impreso de prematrícula para que comproben que os seus datos son correctos.
 - Os estudantes comunicarán se hai algún erro nos datos académicos. É importante que estea informatizado o teléfono móbil e/ou o correo electrónico para poder recibir información da PAU e do acceso a través deles.
- ▶ **Solicitude de matrícula:**
 - Formalizarán a solicitude de matrícula para a PAU nas datas que determine a CiUG.
 - Solicitarán a matrícula na aplicación nerta, indicando na solicitude as materias elixidas para a realización da fase xeral e/ou da fase específica.
 - Poderán solicitar a exención do exercicio de lingua galega no seu LERD.
 - Xerarán o impreso de matrícula (contén o impreso de taxas de matrícula) e imprimirano.
 - Poderán modificar os datos da matrícula mentres esta estea aberta.
- ▶ **Taxas de matrícula:**
 - Co impreso de pago de taxas xerado en nerta, aboarán as taxas de matrícula na entidade bancaria elixida.
 - Entregarán ou enviarán ao LERD (por correo postal ou por medios telemáticos) o xustificante de ter aboadas as taxas e a documentación que acredite o dereito á redución de matrícula (se procede).
 - O LERD informatizará o aboamento das taxas. O non pagamento das taxas suporá a perda do dereito á realización dos exercicios da PAU.
- ▶ **Cualificación da PAU:** consultarán as cualificacións da PAU.
- ▶ **Reclamación e segunda corrección:** solicitarán en nerta reclamacións ou segundas correccións aos exercicios da PAU e verán os seus resultados.

Fase específica da proba de acceso á universidade de FP, APD e ED

- ▶ **Matrícula:** Poderán presentarse á fase específica da PAU aqueles estudantes que estean en posesión dun título de técnico superior de formación profesional, técnico superior de artes plásticas e deseño ou técnico deportivo superior, ou títulos equivalentes.
- ▶ **Realización da PAU:** os estudantes realizarán a PAU na universidade á cal estea adscrito, para os efectos indicados, o centro de educación secundaria no que obtivesen o título de técnico superior de formación profesional, técnico superior de artes plásticas e deseño ou técnico deportivo superior, ou equivalentes. Os estudantes que obtivesen o título en convocatorias anteriores tamén poderán realizala na universidade á cal estea adscrito o centro de educación secundaria máis próximo ao seu lugar de residencia (previa solicitude na inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria).
- ▶ **Xestións:** os estudantes realizarán as xestións da PAU na aplicación nerta ou no lugar de entrega e recollida de documentación (LERD) que lle corresponda ao centro elixido.
- ▶ **Datos académicos:**
 - ▶ **Estudantes que presentaron preinscripción en convocatorias anteriores ou se presentaron a algunha PAU no SUG dende o ano 2008:** os seus datos académicos están informatizados en nerta.
 - ▶ **Estudantes con datos sen informatizar en nerta:**
 - **O centro pode informatizar os datos:**
 - Solicitará no centro o traspaso dos datos persoais e académicos dende a aplicación xade á aplicación nerta.
 - O centro entregaralles un impreso de prematrícula para que comproben que os seus datos son correctos.
 - **O centro NON pode informatizar os datos:**
 - Os estudantes solicitarán unha certificación académica oficial no centro.
 - Os estudantes engadirán os seus datos persoais en nerta.
 - Dirixiranse ao LERD que lles corresponda, e será este o que lle informatices os datos académicos.
 - O LERD entregaralles un impreso de prematrícula para que comproben que os seus datos son correctos
 - Os estudantes comunicarán se hai algún erro nos datos académicos. É importante que estea informatizado o teléfono móbil e/ou o correo electrónico para poder recibir información da PAU e do acceso a través deles.
- ▶ **Certificación académica oficial:** Cando sexa necesario presentar unha certificación académica oficial para realizar a matrícula na fase específica da PAU, será suficiente que conste:
 - ▶ **Ciclos formativos de grao superior de formación profesional:** a superación de todos os módulos que compoñen o ciclo formativo de que se trate, a excepción do de formación en centros de traballo e, se é o caso, o módulo de proxecto.
 - ▶ **Ciclos formativos de grao superior de artes plásticas e deseño:** a superación de todos os módulos que compoñen o ciclo formativo de grao superior de que se trate, a excepción da formación práctica en empresas, estudo e talleres e o módulo de proxecto integrado.
 - ▶ **Ensinanzas deportivas:** a superación dos módulos que compoñen o ciclo de grao superior de que se trate, a excepción dos módulos de formación práctica e de proxecto final.

- ▶ **A certificación terá, en todo caso, o carácter de documentación provisional, e non se poderá proceder á admisión nos estudos universitarios de grao ata a consecución e entrega no LERD da documentación acreditativa de estar en posesión do correspondente título.**
- ▶ **Solicitud de matrícula:**
 - ▶ Formalizarán a solicitud de matrícula para a PAU nas datas que determine a CIUG.
 - ▶ Solicitarán a matrícula na aplicación nerta, indicando na solicitud as materias elixidas para a realización da fase específica.
 - ▶ Xerarán o impreso de matrícula (contén o impreso de taxas de matrícula) e o imprimirán.
 - ▶ Poderán modificar os datos da matrícula mentres esta estea aberta.
- ▶ **Taxas de matrícula:**
 - ▶ Co impreso de pago de taxas xerado en nerta, aboaran as taxas de matrícula na entidade bancaria elixida.
 - ▶ Entregarán ou enviarán ao LERD (por correo postal ou por medios telemáticos) o xustificante de ter aboadas as taxas e a documentación que acredite o dereito á redución de matrícula (se procede)
 - ▶ O LERD informatizará o aboamento das taxas. O non pagamento das taxas suporá a perda do dereito á realización dos exercicios da PAU.
- ▶ **Cualificación da PAU:** consultarán as cualificacións da PAU.
- ▶ **Reclamación e segunda corrección:** solicitarán en nerta reclamacións ou segundas correccións aos exercicios da PAU e verán os seus resultados.

Acceso a ensinanzas universitarias con límite de prazas

- ▶ **Acceso:** Poderán acceder ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do sistema universitario de Galicia as persoas que reúnan calquera dos seguintes requisitos:
 - ▶ Ter superada a proba de acceso á universidade para aqueles que se encontren en posesión do título de bacharel ou equivalente, ou segundo normativas anteriores, estando en posesión de calquera dos títulos e certificados que se indican a continuación:
 - Título de bacharel.
 - Certificado acreditativo de ter superado o curso de orientación universitaria.
 - Certificado acreditativo de ter superado o curso preuniversitario.
 - Calquera outro título que o Ministerio de Educación declare equivalente, para estes efectos, ao título de bacharel.
 - Título homologado ao título español de bacharel para estudantes de sistemas educativos estranxeiros.
 - ▶ Cumprir os requisitos exixidos para o acceso á universidade nos sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou doutros Estados con que España subscribise acordos internacionais nesta materia.
 - ▶ Posuír un título de técnico superior de formación profesional, técnico superior de ensinanzas de artes plásticas e deseño ou técnico deportivo superior, ou títulos equivalentes.
 - ▶ Posuír un título universitario oficial de grao ou título equivalente.
 - ▶ Posuír un título universitario oficial de diplomado, mestre, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico, licenciado, arquitecto, enxeñeiro, correspondentes á anterior ordenación das ensinanzas universitarias, ou título equivalente.
 - ▶ Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, ou tela superada no sistema universitario de Galicia, segundo normativas anteriores.
 - ▶ Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 45 anos.
- ▶ **Xestións:** realizarán os trámites administrativos na aplicación nerta ou no LERD que elixan.
- ▶ **Datos académicos:**
 - ▶ **Estudantes que presentaron preinscrición en convocatorias anteriores ou se presentaron a algunha PAU no SUG:** os seus datos académicos están informatizados en nerta.
 - ▶ **Outros casos:**
 - Engadirán os seus datos persoais en nerta.
 - Entregarán ou enviarán a documentación necesaria ao LERD onde queiran presentar a preinscrición.
 - O LERD informatizará os datos académicos en nerta.
- ▶ **Solicitud de preinscrición:**
 - ▶ Solicitarán a preinscrición na aplicación nerta, indicando na solicitud de acceso ata cinco ensinanzas universitarias diferentes, cun máximo de dez peticións no caso de ensinanzas universitarias autorizadas en máis dun centro.
 - ▶ Xerarán o impreso de preinscrición e o imprimirán ou o gardarán.
 - ▶ Poderán modificar os datos da preinscrición mentres esta estea aberta.
- ▶ **Resultados da asignación:** consultarán os resultados da asignación de prazas nas ensinanzas universitarias con límite de prazas en cada prazo de matrícula.

Matrícula nas ensinanzas universitarias do SUG

Os estudantes formalizaran a matrícula nos sitios web das universidades ou nos lugares que se designen.

Universidade da Coruña



Enderezo web de matrícula: <http://www.udc.es/matricula/>

Matrícula presencial nos centros onde se imparten as ensinanzas universitarias.

Universidade de Santiago de Compostela



Enderezo web de matrícula: <http://matricula.usc.es>

Matrícula presencial nas unidades de xestión académica.

Universidade de Vigo

Universidade de Vigo

Enderezo web de matrícula: <https://matricula.uvigo.es>

Matrícula presencial nos centros onde se imparten as ensinanzas universitarias.